

## **Bases do Certame de Comedia Escolar “gARGALLADA. Novas Xeracións na Comedia”**

### **1. Obxectivo**

O Concello de A Coruña, a través do Servizo de Educación, organiza a I edición do programa “gARGALLADA – Novas Xeracións na Comedia”. Este programa busca dinamizar o uso da lingua galega a través do humor, o formato monólogo e a expresión oral, proporcionando ao alumnado unha experiencia creativa e enriquecedora en colaboración con humoristas profesionais.

### **2. Destinatarios**

- Poderán participar grupos de estudantes da ESO e 1º de Bacharelato, dos centros educativos públicos e concertados con sede na nosa cidade, agrupados nas seguintes categorías:
  - **Categoría A:** Alumnado de 1º e 2º da ESO.
  - **Categoría B:** Alumnado de 3º e 4º da ESO e 1º de Bacharelato.
- O persoal docente liderará o grupo ou grupos participantes e responsabilizase do alumnado que os integra e o designado por cada centro servirá de ligazón co persoal municipal e a empresa organizadora responsables do programa.
- No programa poderán participar un máximo de 16 grupos.

### **3. Fases do Certame**

#### **1. Formación Inicial**

- O alumnado participará en sesións de formación que abordarán temas como a captación de atención, a observación do cotián, o uso da ironía e do sarcasmo, o ritmo, a estrutura narrativa e o remate dos chistes.
- Realizarase unha tormenta de ideas para definir o tema do monólogo, aproveitando a formación para concretar puntos de partida e tipo de aproximación á comedia no tema descrito.
- Ao finalizar, asignarase un padriño ou madriña, profesional da comedia, que guiará ao grupo durante o resto do proceso.

#### **2. Proceso Creativo e Selección**

- Todo o grupo traballará no proceso creativo e na elaboración de “gags” para o seu monólogo en galego normativo. O alumnado colaborará en equipo para desenvolver un texto, que será tutelado e corrixido por madriñas, padriños e a organización de forma telemática, cruzando o contido as veces necesarias ata pulir o resultado.

#### **3. Posta en Escena**

- Os padriños e madriñas de cada centro, profesionais da comedia, visitarán ao alumnado nas súas aulas para preparar a posta en escena, traballando,

entre outros aspectos, técnicas de delivery, escenificación, improvisación, uso do espazo e pausas.

- Realizarase un casting para escoller a un ou unha representante de cada grupo que defenderá o monólogo final. (Alumnado autorizado para gravación e uso das imaxes).

#### 4. **Gala Final**

- A actividade culminará nunha gala ~~audiovisual~~ audiovisual cun formato profesional, divertido e televisivo, cunha duración máxima de dúas horas, que terá lugar un xoves do mes de marzo de 2025 (lugar, día e hora por concretar).
- O evento contará con figuras destacadas do humor local, vídeos, premios e gravación dos monólogos para a súa difusión nos canles do Concello de A Coruña.

#### 4. **Duración do Monólogo**

- O monólogo deberá ter unha duración mínima de 3 minutos e máxima de 5 minutos.
- Para garantir unha duración adecuada, a versión escrita deberá contar cunha extensión aproximada de 400 a 700 palabras.

#### 5. **Criterios de valoración e Xurado**

Os monólogos serán valorados na propia gala, por un xurado formado por dous profesionais e dúas persoas designadas polo Concello de A Coruña, través dunha ficha e baixo os seguintes **criterios**:

- **Creatividade e orixinalidade:** a capacidade para crear contidos únicos e frescos.
- **Dominio do galego:** o uso correcto e normativo da lingua.
- **Habilidade na escena:** a presenza escénica, expresión corporal e uso do espazo.
- **Humor e conexión co público:** a eficacia para facer rir e interactuar co público.
- **Coherencia e estrutura:** o desenvolvemento de ideas, uso de ironía, sarcasmo e dobres sentidos, e remate efectivo.

#### 6. **Premios**

- Estableceranse premios para recoñecer aos participantes máis destacados de cada categoría, ademais de galardóns e estatuíllas, o premio para cada un dos grupos premiados consistirá en 50 tarxetas regalo (entrada de cine+ bebida + flocos de millo).

- O xurado levantará acta do desenvolvemento e conclusións do fallo, para o que actuará de secretaria un/unha técnico/a do Servizo Municipal de Educación.
- A decisión do xurado será inapelable. Poderá declarar deserto algún dos premios se así o considera.

### **8. Cesión de Dereitos de Imaxe e Difusión**

- Os proxenitores ou titores do alumnado participante na gala darán o seu consentimento ou rexeitarán por escrito que a imaxe dos seus fillos/as sexa reproducida nos canles oficiais do Concello de A Coruña, para fins de promoción e divulgación do programa.

### **9. Aceptación das bases**

O feito de participar no Certame “gARGALLADA – Novas Xeracións na Comedia” implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases.

### **10. Protección de datos**

Consonte á lexislación vixente en materia de protección de datos informamos que o responsable do tratamento dos seus datos será o Concello da Coruña.

Os datos serán tratados coa finalidade de xestionar e tramitar a solicitude de inscrición no concurso regulado por estas bases. Non se comunicarán datos de carácter persoal a terceiros salvo que a cesión sexa lícita conforme ao establecido no Regulamento Europeo de Protección de datos e a normativa española vixente.

De conformidade co artigo 7 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a autorización para o tratamento dos datos derivados deste concurso para os participantes menores de 14 anos, deberá vir referendado polo titular da patria potestade.